

Acta da Comisión Permanente Extraordinaria do día 4 de marzo de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 04/02/2020.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 04/02/2020.

Ábrese a sesión ás 13 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida por Dona María Araújo Fernández, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, e se trata o único punto na orde do día:

- **Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de captación para o curso académico 2020-2021.**

A Presidenta expón a documentación recibida da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado na que informan do reparto da bolsa de horas por captación correspondente a cada Centro procedente da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria. Comenta brevemente os criterios tidos en conta, a puntuación acadada polo centro e as horas concedidas para recoñecemento de actividades de captación. Lembra que na Xunta de Escola do 26 de febreiro de 2020 se aprobou delegar na Comisión Permanente a aprobación do reparto desta bolsa de horas.

A continuación amosa a proposta de reparto entre os profesores que colaboran habitualmente nas actividades de captación do centro e sinala que a proposta está consensuada con eles:

Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Nome do recoñecemento
José Bienvenido Díez Ferrer	TU	10	Captación de Estudantes
Raúl Figueroa Martínez	AD	12	Captación de Estudantes
Benito Vázquez Dorrió	TU	15	Captación de Estudantes
TOTAL		37	

Teresa Rivas pregunta se a proposta é proporcional á colaboración prestada por cada profesor. A presidenta responde que é un reparto das horas dispoñibles de xeito que supoñan desgravacións útiles para cada un deles; debido a este axuste o reparto final non

é exactamente proporcional, pero o número de horas de partida si que intenta ser acorde con esta colaboración. Engade que o equipo de dirección vai estudar a posibilidade de fixar uns criterios para o próximo curso que permitan ter en conta dalgún xeito a colaboración prestada nas actividades de captación do curso anterior.

A Comisión aproba, por asentimento, a proposta de asignación da bolsa de horas.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a catro de marzo de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

María Araújo Fernández

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 04/03/2020

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 04/03/2020

Asistentes á Comisión Permanente do 4 de marzo de 2020
Presidenta da Comisión
María Araújo Fernández
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Iago Pozo Antonio
PROFESORADO
Pablo Eguía Oller
Alfonso Mandado Vázquez
Teresa Rivas Brea
ESTUDANTES
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Desculpa a súa ausencia: Elena Alonso Prieto.